



Luís Antonio Perez Barral edil do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira presento a seguinte **solicitud relativa á mellorar a organización da feira “ArteMar”** para a súa inclusión na orde do día do Pleno Municipal de setembro.

Exposición de Motivos

No Concello de Ribeira vense desenvolvendo desde hai xa algúns anos a feira mariñeira e artesanal coñecida como “ArteMar”. Dita celebración consta de diversas actividades, entre as que se atopa a instalación de postos artesanais ao longo das céntricas rúas Galiza, Manuel Lustres Rivas, Santa Uxía e avenida do Malecón así como na praza do concello.

A organización da feira neste ano 2015 foi bastante caótica xa que se instalaron demasiados postos no tramo da rúa de Galiza que vai desde o Mercado Municipal até a intersección coa rúa Rosalía de Castro o que fixo que os postos tapasen escaparates de establecementos comerciais locais. Así mesmo, a rúa Rosalía de Castro ou o tramo da rúa peonil de Galiza comprendido entre a praza de Otero Goyanes e a praza de Compostela non tiñan nin un só posto, polo que esta zona tiña moi pouca afluencia de persoas.

Vemos xa que logo, como esta feira prexudicou o noso pequeno comercio ben por exceso de postos tapando comercios locais nunha determinada zona, ben por non haber ningún posto noutras rúas que dinamizase o fluxo de xente.

Ante estes feitos, solicito en nome do BNG de Ribeira o seguinte:

- **Que o goberno do Concello de Ribeira mellore a organización e a instalación de postos artesanais da feira artesanal e mariñeira “ArteMar” de cara o ano 2015 evitando a saturación dunha zona e a falta de postos noutras.**

Ribeira, setembro de 2015

Luís Pérez Barral